

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, afirma no preámbulo que o dominio dunha segunda ou, mesmo, dunha terceira lingua estranxeira se converteu nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos, á vez que se mostra como unha das principais carencias do noso sistema educativo. A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciado para a construción dun proxecto europeo. A lei apoia decididamente o plurilingüismo, redobrando os esforzos para conseguir que o alumnado se desenvolva con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita resulta decisivo para favorecer a empregabilidade e as expectativas profesionais, e por isto aposta decididamente pola incorporación curricular dunha segunda lingua estranxeira.

Esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns e cidadás da nosa comunidade autónoma e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o Plan de potenciación de linguas estranxeiras ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que pretende dar continuidade a propostas anteriores como a anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, o programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) e os programas de seccións bilingües, así como implantar novas propostas como a creación dos centros plurilingües.

Dentro do conxunto de medidas educativas postas en marcha no curso escolar 2016/17, o dominio de linguas estranxeiras constitúe un dos eixes principais de actuación. Este conxunto de medidas, en liña coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas, establece entre as súas finalidades fomentar o coñecemento de idiomas co obxecto de que o alumnado galego adquira unha competencia plurilingüe. Unha das súas principais accións é a promoción e desenvolvemento de estadias de inmersión de escolares galegos e galegas en centros residenciais de Galicia, co fin de crear no alumnado a ne-



cesidade de empregar a lingua inglesa para se comunicar, poñendo en valor a educación desde unha perspectiva intercultural.

En consecuencia, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito da convocatoria*

O obxecto desta orde é establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2017.

Artigo 2. *Actividades de formación convocadas*

1. As actividades que se convocan, cuxo contido se especifica en canto a número de prazas, destino e réxime de aloxamento no anexo IV, son actividades de formación para a mellora na competencia no uso da lingua inglesa.

2. O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2017.

As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.

3. A xestión e organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, contratadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación dunha póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

As familias achegarán as cantidades que lles correspondan á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, de acordo coas contías establecidas no anexo IV.



4. O custo total de cada actividade inclúe:

a) Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.

b) Os gastos de docencia e o material escolar.

c) As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

d) Os gastos de mantenza e aloxamento.

e) O certificado de realización da actividade.

f) O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias e requisitos*

1. Poderá solicitar a participación nas actividades convocadas e ser beneficiario destas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2016/17, na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2015/16.

c) Ter acadado no curso 2015/16 e na área ou materia de Lingua Inglesa, unha cualificación mínima de «Ben» no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria, e de 6 para o de 2º, 3º e 4º cursos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte. No caso do alumnado menor de



14 anos que non dispoña de documento de identidade farase constar, como documento identificativo, o do pai ou da nai ou do titor ou titora legal.

2. As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que contén con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Financiamento e contías das axudas*

1. As axudas convocadas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.423A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 por un importe de 299.340 euros.

2. A contía da axuda para cada beneficiario ou beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadía para a cal resulte seleccionado ou seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos correspondentes aos grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados no anexo IV, e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar, indicado no anexo V.

Artigo 5. *Solicitudes, presentación e prazo*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.



3. As persoas que desexen completar «en liña» o formulario electrónico que corresponda en función da actividade en que desexan participar, a través da aplicación dispoñible desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, unha vez cuberto este formulario, gravarán os datos na aplicación «en liña», o que xerará un documento en formato Adobe Acrobat, correspondente aos anexos I e II, que a persoa interesada deberá imprimir. A solicitude (anexo I), deberá asinala o representante (o pai, a nai ou a persoa que exerce a tutoría, no caso de alumnado menor de idade) ou polo alumno ou alumna maior de 18 anos. Posteriormente e antes do remate do prazo establecido neste artigo, deberá facerse o rexistro desta solicitude, xunto co anexo II, debidamente asinado, así como a documentación complementaria necesaria, por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG). Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo cardinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6. *Documentación*

1. Coa solicitude (anexo I, modelo normalizado ED504B) achegarase a documentación que se relaciona a continuación:

a) Certificación de matrícula do curso 2016/17.

b) Certificación académica das cualificacións de todas as áreas ou materias cursadas no ano académico 2015/16 e da nota media obtida. No caso dos centros concertados, as certificacións correspondentes á educación primaria e educación secundaria obrigatoria serán asinadas polo director ou directora do centro docente co visto e prace da Inspección educativa, e no caso das ensinanzas de bacharelato, a certificación asinaraa o secretario ou secretaria do centro público en que se atope o expediente académico e co visto e prace do director ou directora dese centro.

c) Fotocopia do DNI ou do NIE do/a solicitante e da nai, do pai ou do titor ou titora, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.



d) Autorización do pai, da nai ou do titor ou titora para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finalidade de poder solicitar datos de carácter tributario ou económicos da Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) ou certificación, expedida pola Axencia Tributaria, dos ingresos correspondentes ao ano 2015, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

e) Autorización do pai, da nai ou do titor ou titora para solicitar as certificacións que deban emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 20.3, en relación co artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou certificacións emitidas polas administracións correspondentes, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

As autorizacións ás que se refiren as alíneas c) d) e e) cubriranse segundo o anexo II. Estas autorizacións, no caso de alumnado menor de idade, deberán ser asinadas polo cónxuxe ou persoa de análoga relación coa persoa representante, cuxa sinatura do anexo I comportará as autorizacións.

f) Fotocopia do libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia terá que presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos os dous proxenitores, deberase acreditar que o solicitante convive cos fillos e/ou fillas.

No caso de alegar circunstancias familiares especiais, indicadas no anexo I, deberán acreditarlas documentalmente.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co alumno ou alumna. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar. Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se lles exixirá ás persoas interesadas a achega individual de certificacións expedidas polas administracións correspondentes.

No caso de viuvez, xustificarse mediante a copia do rexistro correspondente.

No caso de tutoría legal, xustificarse mediante a copia da disposición correspondente.



Para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase o interesado ou interesada para que, nun prazo de dez días naturais, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente.

g) No caso de alegarse, certificado de familia numerosa, só no caso de denegar expresamente a súa consulta ou cando sexa emitido por outra comunidade autónoma.

h) No caso de alegarse, certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, que deberá acreditarse só no caso de denegar expresamente a súa consulta (anexo II) ou de ser expedidos por outra comunidade autónoma, ou certificación de pensionista de grande invalidez, que deberá acreditarse só no caso de denegar expresamente a súa consulta (anexo II).

2. Non serán tidas en conta nin valoradas as circunstancias alegadas e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin as que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin as que conteñan emendas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para a facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse preferentemente por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións



que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso, deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 8. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. Non obstante, as persoas interesadas poderán comunicar á Administración en calquera momento que estas non se realicen polos anteditos medios.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido ás contas de correo que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 9. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dxefpie@edu.xunta.es

Artigo 10. *Colaboración dos centros docentes na difusión e participación nesta convocatoria*

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitirá aos centros docentes información, en formato electrónico, sobre o procedemento de solicitude e de adxudicación de prazas, para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

2. A dirección de cada centro docente arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregaralle unha copia dela ao Consello Escolar, ao Claustro, á ANPA e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado. Así mesmo, expoñeranse no taboleiro de anuncios a listaxe provisional e a definitiva de alumnado seleccionado.

3. O contido desta orde e a información complementaria estará na páxina da internet <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

4. As direccións dos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán, na medida das súas posibilidades, ao alumnado interesado e/ou ás súas familias o acceso á aplicación informática correspondente a este programa.

Artigo 11. *Aceptación das bases*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.



Artigo 12. Comunicación

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas e centros farase a través da páxina principal da web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, que se actualizará periodicamente.

Artigo 13. Comisión de valoración

A valoración das solicitudes e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: ata un máximo de catro vogais nomeados pola Presidencia da comisión de selección, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membros da Inspección educativa.

c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao personal con destino na Administración autonómica de Galicia, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

Artigo 14. Criterios de selección

1. A adxudicación de axudas e a asignación de prazas na actividade solicitada farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno ou alumna que resulte de aplicar o baremo establecido no anexo V.

2. A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, polo que non será suficiente para obter asignación de praza e axuda reunir todos os requisitos exixidos nesta convocatoria. É necesario, tamén, acadar un número de orde que sitúe a persoa solicitante dentro das prazas que se van conceder.



Artigo 15. Procedemento de adxudicación de prazas

1. Finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, a comisión de selección fará pública tres listaxes: unha, na cal se incluírán as solicitudes admitidas; unha segunda, de solicitudes que precisan da emenda dalgún aspecto; e unha terceira, de solicitudes excluídas, na cal se farán constar as causas de exclusión.

Estas listaxes expóranse na web da convocatoria (<http://www.edu.xunta.es/axudasle>), na Oficina de Rexistro Único e Información da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e remitírase para a súa publicación ás xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e aos centros de ensino obxecto do ámbito desta convocatoria.

2. A continuación abrírase un prazo de dez días naturais para emendar os erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias. As circunstancias da emenda de erros ou falta de documentación poderanse consultar mediante o número do documento de identificación (NIF, NIE, etc. da persoa representante, ou da persoa solicitante no caso de que esta sexa maior de idade) na aplicación «en liña» dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 1 do artigo 6 –alíneas a), b), c), d), e) e f)– dentro deste prazo será motivo de exclusión da convocatoria. A falta de xustificación referida ás alegacións correspondentes a que fai referencia o punto 1 do artigo 6 –alíneas g) e h)– implicará que non sexan tidas en conta as circunstancias correspondentes no momento da baremación.

3. Transcorrido este prazo, publicaranse as listaxes provisionais de alumnado seleccionado e de alumnado suplente, ordenados por puntuación por cada un dos cursos, e asignándolles a contía provisional correspondente de achega familiar, que poderá variar nas listaxes definitivas debido ás reclamacións a estas listaxes. Expoñeranse co mesmo procedemento indicado no punto 1. Nos casos en que se produzan empates na puntuación, o criterio de desempate será a menor renda per cápita.

4. De seguido, abrírase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións. Rematado o prazo de reclamacións contra as listaxes provisionais e estudadas as alegacións presentadas, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva.

5. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación,



Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

6. As listaxes definitivas de persoas seleccionadas e de suplentes, así como os destinos, as datas de realización das estadías e as achegas familiares correspondentes en cada caso, serán publicadas na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> e no resto dos lugares indicados no punto 1. As persoas que facilitaron o seu correo electrónico recibirán por esta vía unha mensaxe na cal se indicará o importe da achega da familia e os datos necesarios para o pagamento da correspondente cantidade. Logo abrirase un prazo de cinco días naturais para que as persoas solicitantes remitan á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

a) Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo III.

b) Xustificante bancario do pagamento á empresa adjudicataria dos cursos no número de conta bancaria que se indicará nas instrucións que se facilitarán aos solicitantes a través do correo electrónico e na web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adjudicada.

As prazas vacantes seranlle ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo aos teléfonos indicados na solicitude, seguindo a relación publicada de suplentes.

Artigo 16. *Reintegros*

En aplicación do artigo 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, suporá o reintegro do importe equivalente da axuda e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde proceder ao reintegro:

– A renuncia posterior ao pagamento da achega familiar, sen unha causa grave debidamente xustificada.

– Non presentarse o día do inicio da actividade, sen unha causa grave debidamente xustificada.

– A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.



Artigo 17. Obrigas e abandonos durante a realización da actividade

1. Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- a) Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- b) Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- c) Automedicación sen autorización médica.
- d) Condutas disruptivas.
- e) Comportamentos asociais.

A expulsión do programa suporalle á persoa solicitante o pagamento do custo total da actividade, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas.

2. No caso do alumnado que estea realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados, así como o importe total do custo da actividade.

Artigo 18. Resolución

1. A persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolverá a relación final das persoas adxudicatarias e os importes das axudas concedidas.

2. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución definitiva das persoas adxudicatarias publicárase no DOG e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es>), polo que se entenderán notificados para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



4. Contra a resolución definitiva de adxudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19. *Recursos*

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición adicional. *Publicidade*

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulamentan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración outorgante a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que a persoa petionaria poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón o número 2 da citada disposición adicional.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias, polo que a presentación da solicitude leva



implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos desas persoas e da súa publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDSN dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (alumno/a)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO SEXO Home Muller

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

RELACIÓN CO/COA ALUMNO/A SOLICITANTE Pai Nai Titor/a NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de Notificación electrónica de Galicia Notific@, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

CURSO (sinale no que está matriculado/a)

1º ESO 2º ESO 3º ESO 4º ESO 1º BACH. 2º BACH.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

DATOS ACADÉMICOS

NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2015/16		NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA CURSO 2015/16. INGLÉS			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
NOME DO CENTRO EDUCATIVO. CURSO 2016/17					CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>					<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA			LUGAR		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. ALEGACIÓNS DE CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES

A seguinte circunstancia persoal, para os efectos do indicado no artigo 6 da orde de convocatoria:

- Familia monoparental
 Divorcio ou separación
 Viúvo/viúva
 Tutoría legal
 Outras (indíquese cales)

2. ALEGACIÓNS ANEXO V (puntos 3 e 4)

- a) Discapacidade de grao igual ou superior ao 33 % ou pensionista de grande invalidez

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	RELACIÓNS FAMILIAR CO/COA ALUMNO/A
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- b) Familia numerosa

3. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 5. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 6. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/>	Anexo II
<input type="checkbox"/>	Certificación de matrícula do curso 2016/17
<input type="checkbox"/>	Certificación das cualificacións de todas as áreas ou materias cursadas no ano académico 2015/16
<input type="checkbox"/>	Copia do libro de familia
<input type="checkbox"/>	Copia da xustificación de viuvez
<input type="checkbox"/>	Copia da xustificación de titoría legal
<input type="checkbox"/>	Outra documentación acreditativa das circunstancias familiares

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Nivel de renda (IRPF) correspondente ao exercicio 2015	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Situación de débedas que obran en poder da Administración autonómica	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Situación de estar ao día de pagamento coa Axencia Tributaria para subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Situación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social que constan en poder da Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de pensionista de grande invalidez	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a dxefpie@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa


 Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO II

ED504B - Actividades de formación en linguas estranxeiras 2017

AUTORIZACIÓNS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (alumno/a)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

PERSONAS QUE OUTORGAN AUTORIZACIÓN (excepto a persoa que asina a solicitude)

PARENTESCO CO/COA ALUMNO/A	NOME E APELIDOS	NIF	IRPF (1) Denega e presenta documento	Débedas AEAT (2) Denega e presenta documento	IDENTIDADE (3) Denega e presenta documento	SEG. SOCIAL (4) Denega e presenta documento	FACENDA XUNTA (5) Denega e presenta documento	DISCAPACIDADE (6) Denega e presenta documento	G. INVALIDEZ (7) Denega e presenta documento	SINATURA
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

- (1) Consulta do nivel de renda (IRPF) que consta en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- (2) Consulta de estar ao día de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas.
- (3) Consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- (4) Consulta dos datos de situación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social que constan en poder da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- (5) Consulta dos datos de situación de débedas que constan en poder da Administración Autonómica.
- (6) Consulta dos datos de discapacidade que constan en poder da Xunta de Galicia.
- (7) Consulta dos datos de prestacións sociais públicas que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

ED504B - Actividades de formación en linguas estranxeiras

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA AXUDA CONCEDIDA

(Remitirse unha vez que se publique a lista definitiva de alumnado seleccionado)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (alumno/a)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (pai, nai ou titor/a)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Beneficiario/a da axuda concedida ao abeiro da Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva,

 RENUNCIO Á AXUDA ACEPTO A AXUDA

e autorizo para participar nas actividades de linguas estranxeiras organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a recibir a atención médica que, de ser o caso, sexa necesaria. Así mesmo, manifesto o meu coñecemento de que:

- No caso de renuncia posterior á aceptación da axuda, tal e como se indica no artigo 16 da orde de convocatoria, fareime cargo do pagamento do importe total do custo da actividade.

- No caso de abandono do programa, sen ter unha causa grave debidamente xustificada, ou no caso de expulsión deste, segundo está recollido no artigo 17 da orde de convocatoria, fareime cargo do pagamento dos gastos ocasionados, incluíndo os de regreso, así como do importe total do custo da actividade.

Remitir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto co comprobante de ingreso de

 € no número de conta indicado.**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE** (no caso de ser maior de idade) **OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

, de de 

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO IV

	Modalidade	Duración	Réxime aloxamento	Nº prazas	Custo por praza (€)	Acheга das familias (€)			
						Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º bacharelato	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	33	800	100	180	300	350
1º bacharelato	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	59	800	100	180	300	350
4º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90	550	70	125	220	275
3º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	120	550	70	125	220	275
2º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
1º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
Total prazas:				682					



ANEXO V**Baremo, puntuación e determinación de achegas familiares**

Criterios de puntuación:

1º. Nota media do expediente no curso 2015/16: ata 10 puntos.

O criterio de selección que se terá en conta será o da nota media das cualificacións do expediente académico dos estudos realizados no curso 2015/16 polo alumnado.

En educación primaria calcularase a media das cualificacións segundo a seguinte táboa de equivalencia numérica para a cualificación de cada área.

Táboa de equivalencias	
Cualificación	Puntuación
Suficiente	5
Ben	6
Notable	8
Sobresaliente	10

En educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e en bacharelato, o cálculo da nota media expresarase, se é o caso, cun decimal calculado mediante redondeo. Este resultado farase constar no recadro correspondente, incluído no anexo I de solicitude destas axudas.

Para todos os niveis educativos, a baremación da nota media aplicarase segundo a seguinte táboa:

Nota media	Puntuación
5-5,9	5 puntos
6-6,9	6 puntos
7-7,9	7 puntos
8-8,9	8 puntos
9-9,9	9 puntos
10	10 puntos



2º. Renda per cápita da unidade familiar: ata 20 puntos.

Aplícase unha puntuación ponderada e progresiva en función da renda per cápita da unidade familiar, segundo o seguinte cadro, calculada esta como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o número de membros dela. Os ingresos da unidade familiar serán o resultado da suma dos importes dos recadros 380 (base imponible xeral) e 395 (base imponible do aforro) da declaración da Renda do ano 2015. Forman parte da unidade familiar o pai/nai, titor/a legal, ou persoa unida por análoga relación, do alumnado solicitante e tamén os irmáns e/ou irmás solteiros/as e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns e/ou irmás maiores de idade incapacitados/as xudicialmente.

A puntuación que se asignará segundo a renda per cápita exprésase na seguinte táboa:

Tramos de renda per cápita da unidade familiar (euros)	
Ata 3.962	20 puntos
Superior a 3.962 e inferior a 7.606	16 puntos
Igual ou maior a 7.606 e inferior a 10.222	12 puntos
Igual ou maior a 10.222 e inferior a 11.450	8 puntos
Igual ou maior a 11.450	4 puntos

3º. Pertenza a familia numerosa: 2 puntos.

4º. Discapacidade igual ou superior ao 33 % ou pensionista de grande invalidez dalgún membro da unidade familiar en primeiro grao: 2 puntos.

5º. Non ter sido beneficiario nunha axuda ao abeiro da convocatoria establecida pola Orde do 14 de marzo de 2016: 1 punto.

Cálculo para a determinación das axudas convocadas:

De acordo co establecido no artigo 4.2, a contía da axuda para cada persoa beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadía para a cal resulte seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos e os grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados no anexo IV e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar.



Para a asignación do alumnado seleccionado a cada un dos catro grupos de achega familiar séguese o seguinte procedemento:

1º. Coa listaxe definitiva de solicitantes ordenada segundo a puntuación obtida de maior a menor, asígnaselle a cada persoa seleccionada unha praza no grupo de achega familiar correspondente seguindo a orde establecida na listaxe, tendo en conta que do total de prazas ofertadas por actividade o 40 % se reserva para o grupo A, o 30 % para o grupo B, o 20 % para o grupo C e o 10 % para o grupo D. En función da súa adscrición ao grupo correspondente fíxase a contía da achega familiar que lle corresponderá a cada persoa seleccionada segundo o establecido no anexo IV para cada actividade.

2º. No caso de renuncias, a listaxe corre segundo a orde numérica establecida na lista de espera, correspondéndolles ás novas persoas seleccionadas a achega familiar correspondente ás prazas do grupo D.

